

XENOFONTE

(Escolma para a PAU)

Bloque 2 (2º trimestre)

5. DESCRICIÓN DA REXIÓN DA MARXE DO ÉUFRATES (*Anábase*, 1.5.1)

Desde alí percorreu, en cinco xornadas a través dos desertos de Arabia e deixando o río Éufrates á dereita, trinta e cinco parasangas. Esta rexión era unha chaira absoluta, plana coma o mar, cuberta de asente. Todos os demais arbustos e plantas que alí había eran olorosos coma perfumes. Árbores non había ningunha, mais si toda clase de animais, a meirande parte deles onagros, ademais de moitas avestruces, así como avetardas. Ás veces os xinetes cazaban estes animais.

6. MORTE DE CIRO (*Anábase* 1.8.26)

Acompañado destes, Ciro viu o rei e a escolta que o rodeaba. Non puido conterse máis, senón que, dicindo “Xa o vexo!”, se lanzou sobre el. Golpeouno no peito e atravesoulle a coiraza, segundo declarou o médico Ctesias, que afirmou curarlle persoalmente a ferida. Mentres loitaba con el, Ciro recibiu un violento golpe de xavelina baixo o ollo. Ó combate entre Ciro e o rei sumáronse os que estaban arredor, uns a favor de un e outros a favor do outro. Ctesias dá fe de todos cantos morreron da parte do rei, a cuxo lado estivo; do outro bando morreron o propio Ciro e oito nobres do seu séquito, que quedaron tendidos sobre o seu cadáver. Disque Artapates, o máis fiel dos ministros de Ciro, ó velo morto, saltou do seu cabalo e abrazouse a el.

7. DESÁNIMO DOS GREGOS ANTE AS DIFICULTADES ÁS QUE SE ENFRONTAN (*Anábase* 3.1.3)

Con isto en mente e presos do desánimo, aquel serán poucos foron os que probaron a comida; outros poucos prenderon lumes, e moitos non foron aquela noite ós seus aposentos, senón que repousaron onde a cadaquén lle cadrou, incapaces de durmir pola tristura e a morriña da súa patria, dos seus pais, esposas e fillos, ós que, segundo crían, xamais volverían ver. Tal era o estado no que todos repousaban.

8. DESCRICIÓN DA REXIÓN DO RÍO TELEBOAS (*Anábase* 4.4.3)

Desde alí avanzaron en dúas xornadas dez parasangas, ata chegaren ás fontes do río Tigris. Desde alí avanzaron en tres xornadas quince parasangas ata o río

Teleboas. Este era fermoso, mais non grande, e non había moitas aldeas nas súas proximidades. O país aquel chamábase Armenia Occidental. O seu gobernador era Tiribazo, que se fixera amigo do rei: sempre que estaba presente, a ninguén máis se lle permitía axudar o rei a subir ó cabalo.

APOLODORO

(Escolma para a PAU)

Bloque 2 (2º trimestre)

5. PROMETEO (Apolodoro, *Biblioteca* 1.7.1).

Prometeo, tras modelar os homes con terra e auga, deulles tamén o lume, agochándoo nunha cana sen dicirlle nada a Zeus. Cando Zeus o soubo, ordenoulle a Hefesto que cravase o corpo de Prometeo ó Cáucaso (é este un monte de Escitia). Cravado nel, Prometeo estivo suxeito durante moitos anos, e cada día unha aguia, caendo sobre el, devoráballe os lóbulos do fígado, que volvía medrar durante a noite.

6. MEDEA MATA OS SEUS FILLOS (Apolodoro, *Biblioteca* 1.9.28).

Matou os fillos que tivera de Xasón, Mérmero e Feres, e, tomando de Helios un carro de dragóns alados e fuxindo nel, chegou a Atenas. Disque, mentres fuxía, abandonou os nenos, que aínda non falaban, deixándoos como suplicantes no altar de Hera Acrea. Os corintios, expulsándoos de alí, matáronos a golpes. Medea chegou a Atenas, e alí, tras casar con Exeo, deu a luz un neno: Medo.

7. A QUIMERA, TRES FERAS NUNHA (Apolodoro, *Biblioteca* 2.3.1).

Ióbates, tras ler as cartas, ordenoulle matar a Quimera, crendo que sería aniquilado pola fera, pois non era unha empresa para un só home, senón para moitos: tiña a parte de diante de león, a cola de dragón, e a terceira cabeza, a central, de cabra, pola que exhalaba lume. Arrasaba a rexión e facía estragos nos rabaños, pois, sendo unha única criatura, posuía a forza de tres feras.

8. HERACLES: NACEMENTO (Apolodoro *Biblioteca* 2.4.8).

Alcmena tivo dous fillos: de Zeus, Heracles, maior por unha soa noite; e de Anfitrión, Ificles. Cando o rapaz tiña oito meses, Hera meteulle no berce dúas serpes xigantes, querendo matar a criatura. Mentres Alcmena chamaba a berros por Anfitrión, Heracles, erguéndose, acabou con elas esganando unha con cada man.